

CANS CLASIFICADOS COMO POTENCIALMENTE PERIGOSOS

¿Que debo facer se quero ter un can clasificado como potencialmente perigoso?

Non pode ter un can potencialmente perigoso ningunha persoa menor de 18 anos ou que estea incapacitada ou sexa dependente. Tampouco aquela persoa con determinados antecedentes penais ou con sancións por infraccións en materia de tenza de animais potencialmente perigosos.

Se cumpres estes requisitos os pasos para seguir son os seguintes:

1. Facer un seguro de responsabilidade civil polos danos a terceiros que puidese ocasionar o can, cunha cobertura mínima de 125.000 €. Pediranche os datos do can (microchip, raza, etc.).

2. Obter a licenza no Concello.

Podes utilizar a instancia, que che proporcionará o veterinario do CAAN para facilitarche os trámites pois nesta están incluídos todos os datos esixidos polo Concello, ou algunha similar. Hai concellos que teñen a súa propia.

Xunto coa solicitude da licenza tes que levar a seguinte documentación:

- Certificado médico psicotécnico de aptitude para a tenza de cans potencialmente perigosos. Este documento pódelo obter nun centro médico homologado e autorizado, especializado en revisións psicolóxicas e médicas para a expedición de toda clase de permisos do teu contorno ou cidade. Probablemente teñas que levar unha ou dúas fotos tamaño carné, actuais, o DNI e pagar as taxas correspondentes. Se es apto, habitualmente entrégase o certificado no acto.
- Fotocopia compulsada do DNI.
- Autorización ó Concello para a solicitude dos antecedentes penais.
- Certificado de ausencia de sancións, que se solicitará na xefatura territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- Acreditación da formalización do seguro de responsabilidade civil (extracto da póliza e recibo de pagamento).

3. Vir ó CAAN coa licenza recoller o teu can. Aquí implantarémolle de forma gratuíta o microchip e darémolo de alta no REGIAC. Tamén che entregamos a cartilla sanitaria coas vacinas e desparasitacións que lle correspondan, actualizada.

4. Dar de alta o can no concello onde vaia vivir habitualmente (antes de que pasen 15 días dende que o adquires). Podes presentar, do mesmo xeito, a instancia que o veterinario do CAAN che proporcionará no centro ou un modelo similar. Algúns concellos poden ter a súa propia.

A documentación que debe achegar habitualmente coa solicitude é a seguinte:

1. Documento acreditativo da implantación do microchip e alta no REGIAC
2. Cartilla de vacinación
3. Seguro de responsabilidade civil (extracto da póliza e recibo de pagamento)

Pódenche pedir unha fotocopia destes documentos e, ademais, o orixinal para compulsalas. Da cartilla, a fotocopia debe incluír os datos do propietario, os do animal e a follas onde se atopan as vacinacións que leva o can.

Do seguro, habería que facer fotocopia do extracto da póliza e do recibo de pagamento en vigor.

Así terías o teu can correctamente rexistrado ó teu nome. A partir de entón só debes lembrarte de renovar a licenza cada 5 anos.

A persoa que figura como propietario do can debe posuír licenza para a tenza de animais perigosos pero cómpre que toda persoa que vaia pasear ou conducir o can pola vía pública dispoña tamén desta licenza.